



Memoria de xestión 2007

consorcio de bibliotecas universitarias de galicia

Esta memoria foi aprobada en reunión de Consello de Goberno celebrada o día 3 de Xullo de 2008.

A Presidenta

A Secretaria

MEMBROS DO CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA



ÍNDICE DE CONTIDOS

1. Estudo dos usuarios potencias dos e-recursos de BUGalicia.....	1
2. Distribución del gasto 2007 por e-recursos.....	8
3. Análises da colección de e-recursos de Bugalicia 2007	12
Análise das bases de datos 2007.....	12
Nº de bases de datos contratadas por Bugalicia: 33.....	12
Estudo de uso dos títulos de e-revistas do 2007	30
Estudo de uso das revistas incluídas nas bases de datos do 2007	81
Estudo de uso dos libros electrónicos: Netlibrary.....	85
4. Infraestruturas e tecnoloxía.....	87
Xestor de enlaces e metabuscador.....	87
Soporte técnico ás bibliotecas.....	93
Hardware e Software	94
Web.....	94
Desenvolvementos informáticos	95
5. Análises da produción científica galega.....	96
6. Formación.....	112
7. Persoal.....	113
8. Informe económico	114

1. Estudo dos usuarios potencias dos e-recursos de BUGalicia.

Datos dos usuarios investigadores de BUGalicia

Con este estudo preténdese por en relación ós usuarios potenciais¹ dos recursos do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia co uso que están a facer dese recursos.

Para o cal necesitamos agrupar en cinco amplos Ámbitos de Coñecemento a todo o PDI e alumnos de 3º ciclo dos departamentos das tres universidades galegas.


Estes Ámbitos de Coñecemento a utilizar serán as utilizadas en anteriores estudos

- Ciencias Experimentais.
- Ciencias da Saúde.
- Ensinanzas Técnicas.
- Ciencias Sociais e Xurídicas.
- Humanidades.


1.- Distribución dos usuarios investigadores de Bugalicia dentro do Sistema Universitario Galego (SUG) para o ano 2007:

Alumnos 3º Ciclo e PDI do SUG 2007	
UDC	2.214
USC	5.945
UVI	3.161
Total	11.320

¹ Denominamos Usuarios Potenciais, á suma dos Profesores, Investigadores e Alumnos de Terceiro Ciclo das tres universidades galegas.




A continuación podemos ver unha evolución dos Usuarios Potenciais dos recursos consorciados dende o primeiro ano de estudo de usuarios 2004.



Como se pode observar, e se tomamos en conta os dous últimos anos por ser os máis próximos, dúas universidades Santiago e Vigo descendem en número de profesores+investigadores+usuarios, sendo unicamente Coruña quen deixa medrar un pouco a súa cifra.

2.- Distribución dos usuarios investigadores de BUGalicia por Ámbitos de Coñecemento (véase Anexo IV).

Ámbitos de Coñecemento	Nº de Usuarios do SUG 2007
Ciencias Experimentais	2068
Ensinanzas Técnicas	2335
Ciencias Sociais e Xurídicas	3188
Humanidades	1910
Ciencias da Saúde	1806
Multidisciplinar	
Departamento non determinado	13
Total	11.320



Como se ven comprobando ó longo destes estudos de usuarios potenciais, as Ciencias Sociais e Xurídicas conforman a parte con maior peso en canto a número se refire no Sistema Universitario Galego. Tanto as Ensinanzas Técnicas como as Ciencias

Experimentais teñen uns valores moi significativos nesta proporción, a primeira con un 20.63% dos usuarios que se contemplan neste estudo, e a segunda cun 18.27 %


Hai 13 PDI que non podemos adscribir a ningún ámbito determinado. Tres deles pertencentes á Universidade da Coruña, xa que non aparecen adscritos a ningún departamento determinado, aparecen nomeados como *Outros*, este Personal Docente Investigador.

A cantidade máis importante, oito, que non se atopan adscritos a ningún ámbito de coñecemento son pertencentes á Universidade de Santiago de Compostela e son todos eles profesores; aparecen nos datos enviados pola Universidade como *Departamento non determinado*, acepción que tamén utilizaremos nós para utilizar as cifras non adscritas a ningún departamento destas dúas universidades.

3.- Distribución dos usuarios investigadores de BUGalicia por cada universidade

3.1 Universidade da Coruña.


Ámbitos de Coñecemento	Nº Usuarios da UDC 2007
Ciencias Experimentais	304
Ensinanzas Técnicas	826
Ciencias Sociais e Xurídicas	495
Humanidades	290
Ciencias da Saúde	294
Departamento non determinado	5



Destaca sen dúbida na Universidade da Coruña as Ensinanzas Técnicas que copan cun 37.31% o principal posto; atópanse seguidas das Ciencias Sociais e Xurídicas cun 22.36%, e a porcentaxe de Ciencias Experimentais, Humanidades e Ciencias da Saúde é similar.

3.2 Universidade de Santiago de Compostela.


Ámbitos de Coñecemento	Nº Usuarios da USC 2007
Ciencias Experimentais	1.041
Ensinanzas Técnicas	655
Ciencias Sociais e Xurídicas	1.705
Humanidades	1.181
Ciencias da Saúde	1.355
Departamento non determinado	8



Na Universidade de Santiago de Compostela tamén teñen un papel preferente as Ciencias Sociais e Xurídicas, constituíndo preto dun 30% e constátase como en anteriores anos a baixa presenza das Ensinanzas Técnicas.

3.3 Universidade de Vigo.

Ámbitos de Coñecemento	Nº Usuarios da UVI 2007
Ciencias Experimentais	723
Ensinanzas Técnicas	854
Ciencias Sociais e Xurídicas	988
Humanidades	439
Ciencias da Saúde	157




Ó igual que para as universidades galegas anteriores, as Ciencias Sociais e Xurídicas contan cunha maior presenza de alumnos de terceiro ciclo e PDI, son seguidas neste caso polas Ensinanzas Técnicas cun 27.02% e no terceiro posto atopamos as Ciencias Experimentais 22.87%.

Son cunha grade diferenza as Ciencias da Saúde (4.97%) con só 157 usuarios potenciais as de menor peso cuantitativo na Universidade de Vigo. Non existen para esta universidade os usuarios non asignados a ningún departamento.

2. Distribución del gasto 2007 por e-recursos

A continuación pódese ver como se distribúen os gastos de BUGalicia en recursos electrónicos dende 2002.




Como se ve o crecemento no investimento incrementouse dende o seu ano de inicio, a pesar de que como comentabamos en 2004 se comezan a contratar revistas isto non freou o gasto, dado que pasouse de investir en bases de datos a outro tipo de recursos a texto completo.


A importante baixada do gasto dende 2002 a 2003 ven xustificada porque no segundo ano de subscrición de recursos electrónicos decidiuse prescindir do agregador Greendata.

A continuación pódese ver como se distribúen os gastos de BUGalicia, segundo tipo de materiais.

A evolución do investimento en revistas é dende 2004 (antes non se subscribían) e número de revistas por ano (non revistas en bases de datos):




A distribución do investimento real (electrónico, ou electrónico+papel) por parte das Bibliotecas Universitarias e de BUGalicia para as revistas electrónicas foi:




Tal e como reflicte esta gráfica a porcentaxe do custo asumida por BUGalicia, non sofre importantes variacións dende 2005 ata o último ano analizado 2007. Aínda que sempre medrando de xeito considerable as cifras investidas neste tipo de recurso polas Universidades e mais polo Consorcio.

O investimento en Bases de datos pódese ver dende o ano 2002.



Como se observa, foi o 2002 o ano de maior investimento en bases de datos, isto é así debido a que se trataba o primeiro ano de contratación. É en 2004 cando se ve un descenso no número de bases de datos ademais do gasto neste tipo de recursos, este é o mesmo ano que como vimos na gráfica superior se comeza a contratar revistas electrónicas.

O investimento en libros electrónicos dende 2003 e número de libros electrónicos:



Estes datos reflicten que en 2006 houbo un gran incremento no investimento realizado en libros electrónicos, isto débese a incorporación dos libros electrónicos de compra Netlibrary, a pesar de que non estiveron dispoñibles para os usuarios ata este ano 2007.

A ter en conta tamén que na contratación de libros electrónicos non se están a contar os Standards e Proceedings de IEEE ó vir o seu prezo conxunto cos Journals de IEEE.

3. Análises da colección de e-recursos de Bugalicia 2007

Análise das bases de datos 2007.

Nº de bases de datos contratadas por Bugalicia: 33


Durante o ano 2007 incorporáronse a bases de datos Lista, sen custo, xa que é proporcionada de xeito gratuito polo provedor. Base de datos que abarca as materias de Biblioteconomía, clasificación, catalogación, bibliometría, busca de información en Internet, xestión da información, etcétera. Contando entre as súas referencias con máis de 600 publicacións periódicas, libros, informes de investigación e actas de congresos.

As bases de datos subscritas a través de BUGalicia (ou gratuítas con outras subscricións)

Ciencias Experimentais	Sociais e Xurídicas	Humanidades
Agris	Bsp	Francis
Asfa	CSIC	CSIC
Biological Abstract	Econlit	Lion
CSIC	Eric	Uba
Inspec	Francis	Mla
Ipa	Iustel	Norweb
Mathscinet	Lexis Nexis	Pio/Pao
Pascal	Norweb	PQ Dissertations & Theses
PQ Dissertations & Theses	Pio/Pao	Scopus
Scifinder Scholar- Chemical Abstracts	PQ Dissertations & Theses	Ulrich's
Scopus	PsycInfo	Ciencias da Saúde
Ulrich's	Sabi	Cinahl
Ensinanzas Técnicas	Scopus	CSIC
Inspec	Tirant	Ipa
Compendex	Ulrich's	Medline
CSIC	Westlaw	Norweb
Norweb		Pascal
PQ Dissertations & Theses		PQ Dissertations & Theses
Scopus		Scopus
Ulrich's		Sport Discus
		Ulrich's

Un ano máis, a estas bases de datos, súmanse as Thomson-Isi financiadas pola Fecyt.

A continuación pódense ver as bases de datos distribuídas, tendo en conta que aparece un apartado Multidisciplinar, para aquelas bases de datos que están incluídas en todos os Ámbitos de Coñecemento² :



A meirande parte das bases de datos atópanse asignadas ó ámbito das Ciencias Sociais e Xurídicas, o ámbito máis importante de xeito cuantitativo cno respecto ós seus usuarios potenciais. Seguida moi de preto polas bases de datos multidisciplinares, tendo en conta a representación importanque que neste ámbito supoñen as bases de datos financiadas pola Fecyt (Federación Española de Ciencia y Tecnología) supoñendo 6 das 11 bases de datos deste ámbito.

O terceiro posto en canto a número de bases de datos, ven a ser ocupado polas Ciencias Experimentais, segundo ámbito máis importante de xeito cualitativo, é dicir, hai unha correspondencia entre os posibles consumidores de información e os recursos ofertados para os mesmos.

Son as Ensinanzas Técnicas as que menor porcentaxe de representación en número de bases de datos teñen nos recursos consorciados, aínda que habería que ter en conta que

² Dissertations & Theses, Ulrich's, CSIC, Norweb, Isi Current Contents, Isi Journal Citation Reports, Isi Proceedings, Isi Web of Science, Isi Essential Science Indicators, Scopus.

certo tipo de usuarios utilizan máis os recursos a texto completo sen embargos³.

A utilización realizada durante todo o longo do 2007 destes recursos⁴ é a que segue:


Bases de datos contabilizadas por consultas:

	BUDC	BUSC	BUVI	TOTAL
CONSULTAS ÁS BBDD CONTRATADAS	72.024	278.390	171.690	522.104
CONSULTAS ÁS BBDD DO ISI	45.265	110.354	56.546	212.165
TOTAL	117.289	388.744	228.236	734.269

Bases de datos contabilizadas por sesións (Iustel, Westlaw, Sabi, Tirant Online, bases de datos do CSIC e Acta Santorum):


	BUDC	BUSC	BUVI	TOTAL
SESIÓNS BBDD CONTRATADAS	35.931	79.396	53.707	169.034

O total de consultas ás bases de datos tamén se pode ver reflectido neste gráfico:




Total de consultas ás bases de datos por universidade:

⁴ A base de datos Norweb (ata 2006 Suscrinorma) non conta con estatísticas de uso.



COMPARATIVA CONSULTAS ÁS BBDD CONTRATADAS 2004-2007



1	Agris	8	Francis	15	Medline	22	Chemic. Abst.
2	Asfa	9	Ipa	16	Mla	23	Ulrichs
3	Biolog. Abst	10	Inspec	17	Pascal	24	Lexis-Nexis
4	BSP	11	Compendex	18	Pio/Pao	25	SportDiscus
5	Cinahl	12	Lion	19	Philosop.Index	26	Scopus
6	Econlit	13	Uiba	20	PQ Dissert& Thes		
7	Eric	14	Mathscinet	21	Psycinfo		

Observacións:

- Baixas no uso (entre outras):
 - Biological Abstracts en 2007 en relación con 2006 (aínda que esta base de datos sufrira un importante incremento de uso do 2005 ó 2006)
 - Business Source Premier
 - Mathscinet
 - Chemical Abstracts

- Incrementos de uso (entre outros)
 - Scopus e a base de datos que máis medra na súa utilización dende a súa incorporación en 2005.


Datos a ter en conta:

* Non aparece nesta gráfica a base de datos Lista por ser unha incorporación de 2007 e non ser comparable con ningún ano anterior, tampouco as bases de datos contabilizadas por número de sesións.

* É importante valorar que en BSP atópanse sumadas as consultas á base de datos Regional Business (dende 2005, primeiro ano de acceso) xa que se trata dunha base de datos "gratuíta" coa subscrición á primeira; así como os accesos ós textos completos a esta abse de datos.

* En Cinahl atópanse sumadas as consultas á base de datos Pre-cinahl, que como no caso de BSP inclúe.

* Na base de datos Pio/Pao (antes PCI) atópanse sumados os accesos ó texto completo de Pao dende 2004.




A ter en conta:

- Hai bases de datos que non se inclúen por non estar subscritas no ano 2007.
- Acta Santorum é unha base de datos de compra, da cal non sempre (neste periodo 2004-2007) houbo datos para as tres universidades
- Suscrinorma pasa no 2007 a chamarse Norweb e ser accesible vía web, pero sen datos estatísticos de uso. Nesta base de datos tampouco contamos con informes de uso para USC nosa nos 2004 e 2005


Conclusións:

- Destaca en canto a súa utilización, a base de datos de Aranzadi, Westlaw, esto conlevou a subscrición para 2008 de Westlaw Internacional.
- As bases de datos do CSIC, mostran un alto uso, que non varia endemasia ó longo dos anos,.

Bases de datos contratadas en 2007, contabilizadas por consultas:




Bases de datos contratadas contabilizadas por sesións (Acta Santorum⁵, lustel, Westlaw, CSIC, Sabi e lustel):



⁵ Acta Santorum foi compra, non é unha base de datos de subscripción,


Relación porcentual de consultas e número de usuarios por universidade




Pódese ver unha clara relación entre as consultas e os usuarios potenciais, sendo tanto na Universidade de Santiago de Compostela como na Universidade de Vigo superior a porcentaxe de consultas á porcentaxe de usuarios.

Media de consultas ás bases de datos.


1.- Media de consultas por investigador, das bases de datos contabilizadas por consultas contratadas por BUGalicia.



2.- Media de consultas por investigador, das bases de datos contabilizadas por consultas accesibles vía BUGalicia (inclúense aquí ademais das anteriores, as bases de datos financiadas pola FECYT).




Consultas das bases de datos por cada biblioteca universitaria




1	Agris	8	Francis	15	Medline	22	Chemic. Abst.
2	Asfa	9	Ipa	16	Mla	23	Ulrichs
3	Biolog. Abst	10	Inspec	17	Pascal	24	Lexis-Nexis
4	BSP	11	Compendex	18	Pci	25	SportDiscus
5	Cinahl	12	Lion	19	Philosop.Index	26	Scopus
6	Econlit	13	Uba	20	PQ Dissert& Thes	27	Lista
7	Eric	14	Mathscinet	21	Psycinfo		


Sesi3ns das bases de datos por Biblioteca Universitaria:



Custo de tódalas bases de datos contratadas por BUGalicia



Custo por consulta por usuario investigador das bases de datos contratadas por BUGalicia




Notas:

- Lexis-Nexis, pensamos que non é unha base de datos suficientemente coñecida, ó ser unha incorporación no ano 2006. A pesar disto o seus custo por consulta dende o 2006 ao 2007 descendeu en case tres euros.
- No caso da base de datos antes coñecida como PCI, atópase composta a súa vez por dúas bases de datos, Periodical Index Online (PIO) e Periodical Archives Online (PAO), a última con texto completo. Para poder ofrecer un resultado máis real, ós datos de consultas atópanse sumados os accesos ó texto completo. Esta base de datos segue a ser cara, aínda que cubre áreas como as humanidades.
- Business Source Premier, ó igual que Pio/Pao, trátase dunha base de datos que inclúe acceso ó texto completo de case 9.000 revistas. Para calcular o custo sumáronse consultas e as descargas de artigos .
- Non aparecen nesta gráficas as bases de datos da Fecyt por non estar financiadas por BUGalicia, nin as bases de datos Medline e Lista por ser bases de datos promocionais (gratuítas coa contratación doutros recursos) .
- As bases de datos Pre-cinahl e Regional Business News atópanse sumadas en canto a número de consultas con Cinahl e BSP respectivamente ó comprarse nun paquete conxunto, conter información complementaria e non contar cun custo diferenciado.

Algunhas conclusións:

- Unha vez máis vólvese a confirmar, que a base de datos Scifinder a pesar de ser das de maior custo económico, é das máis rendibles, cunha relación prezo-consulta que está en case un terzo da media do prezo consulta das bases de datos contratadas. Esta base de datos atópase limitada por licenzas de uso, que se incrementaron en marzo de 2007, pasando a ser como seguen: UDC 4 licenzas, USC 8 licenzas e UVI 6 licenzas (fronte as tres, sete e cinco coas que contaban anteriormente). Ver gráficas de rexeites en ANEXO IV.
- A base de datos Scopus, reflicte un alto custo, pero vese compensado por unha boa rendibilidade por debaixo da media de custo do resto das bases de datos.

Custo por sesión por usuario investigador das bases de datos contratadas por BUGalicia



A base de datos CSIC ten un baixo custo, ao que se lle suma o alto uso que os usuarios fan desta base de datos o que nos proporciona á mellor relación prezo/sesión.


A seguinte en rendibilidade é Westlaw que ten unha porcentaxe moi importante de utilización, dando como resultado un bo prezo/sesión.

Como conclusión podemos sinalar que tódalas bases de datos contabilizadas por sesións teñen unha rendibilidade maior que as bases de datos que mostran datos de consultas.


Investimento orzamentario e distribución das bases de datos por Ámbitos de Coñecemento

Inclúense nesta distribución as bases de datos Lista e Medline por ser produtos "gratis" pola subscrición a outros produtos, ou o que é o mesmo non son recursos de acceso aberto.

Na seguinte gráfica pódese ver reflectido a inversión en bases de datos por ámbito:



A porcentaxe de consultas por base de datos para 2007 volve a incluír a Medline e a base de datos de Ciencias Sociais Lista (non así as financiadas pola Fecyt por non ser de subscrición consorciada).



A maior porcentaxe de investimento realízase nas Ciencias Experimentais cun 26.73%, esta ámbitos coincide coa porcentaxe de consultas realizadas ó longo de 2007, posto que supón máis da metade do investimento total.

As bases de datos contabilizadas por sesións, cobren nun 66% as Ciencias Sociais e Xurídicas e o 34 % restante englobaríanse dentro de calquera dos ámbitos, é dicir sería Multidisciplinar.

Estudo de uso dos títulos de e-revistas do 2007

O ano 2007 é un ano no que se incorporan á colección de paquetes de revistas catro novos paquetes:

- * Cell
- *Cambridge Journals
- * Oxford Journals
- * Taylor & Francis

A contratación destes catro novos paquetes e o aumento natural das coleccións fixo incrementar en máis de 2.000 os títulos con respecto á colección accesible en 2006.

Nº de revistas 2007: 19.785 (5.835 en paquetes revistas + 13.950 en bbdd)

1. Estudo pormenorizado do uso dos paquetes de revistas electrónicas

1.1. Consideracións previas

1. Entendemos por “Colección Consorciada 2007” ou “Colección 2007” os títulos contratados por BUGalicia para o conxunto das tres universidades.

2. Entendemos por **Colección Inicial Impresa** os títulos subscritos por cada unha das bibliotecas universitarias previamente á contratación consorciada da colección electrónica.

3. Táboa “Estudo do 100% da Colección Consorciada (C.C) 2007 e da Colección Inicial Impresa (C.I.I.)”

Editor	Univ	Num Tits	Usados	%	Sen uso	%	Num Tits	Usados	%	Sen	%	% usados	% usados
		C.C.					C.I.I.	uso		2007 na		2007 non	
		2007					C.I.I.	C.I.I.		C.I.I.		C.I.I.	na C.I.I.

- *Editor*: Nome do editor da plataforma de revistas
- *Univ*: Budc, Busc, Buvi ou BUGalicia (Budc + Busc + Buvi)
- *Num Tits C.C. 2007*: Número de títulos contratados por BUGalicia

- *Usados*: Número de títulos que tiveron polo menos unha descarga. A continuación a porcentaxe correspondente
- *Sen uso*: Número de títulos que non tiveron ningunha descarga. A continuación a porcentaxe correspondente
- *Num Títs C.I.I.*: Número de títulos da Colección Inicial Impresa das tres universidades
- *Usados C.I.I.*: Número de títulos da C.I.I. que tiveron polo menos unha descarga. A continuación a porcentaxe correspondente
- *Sen uso C.I.I.*: Número de títulos da C.I.I. que non tiveron ningunha descarga. A continuación a porcentaxe correspondente
- *% usados 2007 na C.I.I.*: Porcentaxe de títulos usados en 2007 que pertencían á Colección Inicial Impresa
- *% usados 2007 non na C.I.I.*: Porcentaxe de títulos usados en 2007 que non pertencían á C.I.I.

4. Táboa “Rangos de uso da Colección Consorciada 2007”

Editor	Univ	Num Títs C.C. 2007	Total Descargas por Paquete	Sen uso	%	Nº Títs Uso Baixo (1- 10)	%	Nº Títs Uso Medio (11- 50)	%	Nº Títs Uso Alto (51 ->)	%
--------	------	--------------------------	-----------------------------------	---------	---	---------------------------------	---	----------------------------------	---	--------------------------------	---

- *Editor*: Nome do editor da plataforma de revistas
- *Univ*: Budc, Busc, Buvi ou BUGalicia (Budc + Busc + Buvi)
- *Num Títs C.C. 2007*: Número de títulos contratados por Bugalicia
- *Total Descargas por Paquete*: Número total de descargas dos títulos contratados por Bugalicia
- *Sen uso*: Número de títulos que non tiveron ningunha descarga. A continuación a porcentaxe correspondente
- *Nº Títs Uso Baixo (1-10)*: Número de títulos que tiveron entre 1 e 10 descargas (ambas incluídas). A continuación a porcentaxe correspondente
- *Nº Títs Uso Medio (11-50)*: Número de títulos que tiveron entre 11 e 50 descargas (ambas incluídas). A continuación a porcentaxe correspondente
- *Nº Títs Uso Alto (51 ->)*: Número de títulos con máis de 50 descargas. A continuación a porcentaxe correspondente

5. Táboa “Rangos de uso da C.I.I.”

Editor	Univ	Num Tít C.I.I.	Total Descargas por Paquete	Sen uso C.I.I.	%	Nº Tít Usado Baixo (1-10)	%	Nº Tít Usado Medio (11-50)	%	Nº Tít Usado Alto (51 ->)	%
--------	------	----------------	-----------------------------	----------------	---	---------------------------	---	----------------------------	---	---------------------------	---

O mesmo que a táboa anterior pero unicamente cos datos da Colección Inicial Impresa.

6. Táboa “Títulos con estadísticas de uso non incluídos na colección subscrita por Bugalicia 2007”

Editor	Univ	Num Tít Non Contratados BUGalicia	Usados	Total Descargas
--------	------	-----------------------------------	--------	-----------------

- *Editor*: Nome do editor
- *Univ*: Budc, Busc, Buvi ou BUGalicia (Budc + Busc + Buvi)
- *Num Tít Non Contratados BUGalicia*: Número de títulos incluídos nas estatísticas pero que non pertencen a colección subscrita por Bugalicia. Estes títulos poden ser:
 - Cambios de títulos ou arquivos retrospectivos (backfiles)
 - Títulos adquiridos por departamentos ou investigadores individuais
- *Usados*: Número de títulos que tiveron polo menos unha descarga
- *Total Descargas*: Número total de descargas deses títulos

7. Notas xerais

- Nas estatísticas Counter de ACS está incluído “ACS Journal Archives” que é un compendio de 8 títulos anteriores (retrospectivos ou cambios de título) pero non se pode engadir ao estudo de uso do contratado por non estar desagregados por títulos. Debido a isto o número de títulos que aparecen neste estudo para ACS (37) é inferior ao número real de títulos de ACS para o 2007 (48 títulos). Os outros tres títulos, “ACS Division Proceedings Online”, “Chemical AND Engineering News” e “The ACS Style Guide” non veñen incluídos no informe Counter por non ser revistas.

- En canto a Blackwell e Wiley (Buvi) debe terse en conta que se segue a recibir a versión impresa.
 - En canto a Jstor, nas estatísticas cóntanse 583 títulos en vez dos 582 do listado de 2007 debido a que en decembro de 2007 houbo un título novo que xa está incluído nos listados para 2008. Ademais cabe destacar que dos 582 títulos da colección non temos estatísticas de 186 títulos polo que aparecen como sen uso.
 - En IEEE journal non temos estatísticas do título IEEE Rita xa que por agora o acceso é a través dunha páxina da Universidade de Vigo, polo que nas estatísticas deberían aparecer 241 títulos (en vez de 242). Nembargante, debido a inclusión a finais de ano de novos títulos a lista de títulos aumenta ata 274.
 - Este ano inclúense os datos de uso de Cell polo que a partires de agora falaremos de ScienceDirect (antes tratado como Elsevier) e Cell para poder distinguir dun modo mais claro os usos dos dous paquetes.
 - En canto a Cambridge e Taylor débese ter en conta que o acceso comezou a primeiros de Marzo, agás no caso de Taylor na Universidade de Vigo que ao tela contratada con anterioridade tivo acceso todo o ano.
8. Nature e Science estúdanse por separado por tratarse de títulos individuais.


1.2. Estudo do uso conxunto de BUGalicia


1. Estudo do 100% da Colección Consorciada (C.C.) 2007 con respecto á Colección Inicial Impresa (C.I.I.)

Editor	Univ	Num Tits C.C. 2007	Usados	%	Sen uso	%	Num Tits C.I.I.	Usados C.I.I.	%	Sen uso C.I.I.	%	% usados 2007 na C.I.I.	% usados 2007 non na C.I.I.
Acs *	BUGalicia	37	37	100,00%	0	0,00%	24	24	100,00%	0	0,00%	64,86%	35,14%
Blackwell	BUGalicia	778	764	98,20%	14	1,80%	214	212	99,07%	2	0,93%	27,75%	72,25%
Cambridge	BUGalicia	209	198	94,74%	11	5,26%	74	74	100,00%	0	0,00%	37,37%	62,63%
ScienceDirect	BUGalicia	1.752	1.677	95,72%	75	4,28%	515	515	100,00%	0	0,00%	30,71%	69,29%
Oxford	BUGalicia	180	179	99,44%	1	0,56%	75	75	100,00%	0	0,00%	41,90%	58,10%
Springer Kluwer **	BUGalicia	1.320	1.175	89,02%	145	10,98%	268	265	98,88%	3	1,12%	22,55%	77,45%
Taylor	BUGalicia	1.162	795	68,42%	367	31,58%	186	164	88,17%	22	11,83%	20,63%	79,37%
Wiley	BUGalicia	515	484	93,98%	31	6,02%	108	108	100,00%	0	0,00%	22,31%	77,69%

* O número de títulos de Acs sería 48 pero moitos deles, ao tratarse de títulos anteriores, nas estatísticas aparecen como un único título "ACS Journal Archives" cun número de descargas considerables, 12.800 para BUGalicia. Estas estatísticas no se poden asignar a cada título polo que en tódalas gráficas apareceran 37 títulos.


** Preséntase a unión dos datos de uso de Springer e Kluwer debido a que en 2007 non se poden desglosar.






Observando as dúas gráficas anteriores comprobamos o elevado nivel de uso do conxunto dos títulos dos oito paquetes analizados, destacando ACS, co 100% de uso, e Oxford e Blackwell cunha reducida porcentaxe de títulos sen ningún uso. O paquete con maior porcentaxe de títulos sen uso correspóndelle a Taylor.

Se aplicamos o mesmo estudo á C.I.I. observamos que, a excepción do paquete da ACS, Cambridge, ScienceDirect e Oxford, segue existindo unha pequena porcentaxe de títulos sen ningún uso.



Incremento consorcial


Nesta gráfica mostrase partindo dos títulos usados no 2007, cantos títulos pertencían á colección inicial impresa e cantos son de nova contratación.



Conclusións:

- As plataformas que aportan un maior incremento de títulos usados son ScienceDirect, Springer-Kluwer, e Wiley cun aumento de 1.162, 910 e 876 títulos respectivamente.
- ACS presenta un incremento inferior (13 títulos) explicable por ter un número de títulos en curso moito menor que o resto das plataformas e por ter subscrito as BUS na C.I.I. unha porcentaxe en títulos porcentualmente moi superior ao subscrito nas grandes plataformas.

Comparativa da Incremento Consorcial 2005 vs 2006 vs 2007



No uso deste ano 2007 obsérvase un aumento deste indicador en tódolos paquetes. En dous deles (ACS e Wiley) chega aos oito puntos sobre o obtido no ano 2005 e en Springer-Kluwer chega aos doce puntos sobre o obtido no ano 2005.

A modo de información o Anexo I recolle o estudo do 80% das descargas así coma as listas dos títulos que aportan este 80% das descargas.

2. Rangos de uso da Colección Consorciada (C.C.) 2007


Para coñecer o comportamento individual de cada paquete así como o nivel de uso dos diferentes títulos de cada un deles establecemos catro niveis de uso: un nivel de non uso (zero descargas), un nivel de uso baixo (de 1 a 10 descargas), un nivel de uso medio (11 a 50 descargas) e un nivel de uso alto (con máis de 51 descargas), cos cales poder establecer o nivel de rendibilidade da colección de cada paquete.

Editor	Univ	Num Títos C.C. 2007	Total Descargas por Paquete	Sen uso	%	Nº Títos Uso Baixo (1-10)	%	Nº Títos Uso Medio (11-50)	%	Nº Títos Uso Alto (51 ->)	%
Acs *	BUGalicia	37	73.928	0	0,00%	1	2,70%	0	0,00%	36	97,30%
Blackwell	BUGalicia	778	47.437	14	1,80%	200	25,71%	338	43,44%	226	29,05%
Cambridge	BUGalicia	209	5.318	11	5,26%	91	43,54%	82	39,23%	25	11,96%
Oxford	BUGalicia	180	17.382	1	0,56%	55	30,56%	60	33,33%	64	35,56%
ScienceDirect	BUGalicia	1.752	330.135	75	4,28%	297	16,95%	436	24,89%	944	53,88%
Springer Kluwer **	BUGalicia	1.320	46.096	145	10,98%	517	39,17%	436	33,03%	222	16,82%
Taylor	BUGalicia	1.162	10.761	367	31,58%	549	47,25%	197	16,95%	49	4,22%
Wiley	BUGalicia	515	52.405	31	6,02%	164	31,84%	145	28,16%	175	33,98%
Cell ***	BUGalicia	10	5.708	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	10	100,00%
leee Journal	BUGalicia	274	21.343	34	12,41%	61	22,26%	85	31,02%	94	34,31%
Jstor	BUGalicia	583	38.506	192	32,93%	74	12,69%	133	22,81%	184	31,56%


* O número de descargas de ACS tería que incrementarse en 12.800 (cifra porcentualmente moi importante) debido ás descargas de "ACS Journal Archives" que é un compendio dos títulos anteriores (retrospectivos ou cambios de título), pero que non o podemos facer por non estar os datos desagregados por títulos. Reflicte unha característica propia desta plataforma que non ten ningún dos outros paquetes contratados, que é o acceso a todo o fondo da colección.

** Preséntase a unión dos datos de uso de Springer e Kluwer debido a que en 2007 non se poden desglosar.


*** No caso de Cell aínda que hai 11 títulos só temos estatísticas de 10, faltaría o título 'Folding and Design' que se incorporou a 'Structure', consultouse a Elsevier se as estatísticas tamén se uniran pero seguimos sen ter resposta.




De ACS destaca o uso elevado de tódolos títulos agás un deles.




De Blackwell destaca a elevada porcentaxe de títulos de uso medio, supoñendo a unión de títulos cun alto ou medio uso máis do 72% da colección.




De Cambridge destaca a elevada porcentaxe de títulos de baixo e medio uso. A unión de títulos de medio e alto uso supón máis do 50% dos títulos.




De Oxford destaca a elevada porcentaxe de títulos de uso alto e medio chegando en conxunto a máis dun 68,89% dos títulos.




De ScienceDirect destaca a elevada porcentaxe de títulos de uso alto. Que xunto cos de medio son un total de preto do 79% de títulos con usos medio ou alto.




Springer-Kluwer presenta tamén unha elevada porcentaxe de títulos de uso baixo e medio. Neste caso os niveis medio e alto é moi próximo ao 50% da colección.



Taylor presenta a maior porcentaxe de títulos sen uso (31,58%) e baixo uso (47,25 %) sendo a colección con menor uso das oito coleccións estudadas. Só se empregan cuns niveis medio e alto o 21% da colección.




De Wiley destaca a porcentaxe de títulos de alto e medio uso que en conxunto supoñen máis do 61% da C.C. 2007. Polo tanto é unha colección cun bo rendemento.




No total dos 5.953 títulos que compoñen estes oito paquetes observamos que case o 58% da colección ten un nivel de uso medio ou alto. A porcentaxe de títulos non usados só é do 10%. En conxunto podemos considerar que os usuarios de BUGalicia están facendo un aproveitamento razoable do conxunto de revistas electrónicas ofertadas consorciadamente.

No 2007 contamos con datos estatísticos de Cell para todo o ano, os rangos de uso desta colección son os seguintes:




Cabe destacar o gran uso desta colección, xa que tódolos títulos teñen un uso alto.

Este ano volvemos a contar cos datos estatísticos de uso por título para os paquetes de IEEE-Journal e JSTOR. Estes son os seus rangos de uso:



En IEEE destaca a porcentaxe de títulos cun nivel de uso medio ou alto, superior ao 65%.




En Jstor os niveis de uso son menores que no caso anterior pero acádese unha porcentaxe dun 54% de títulos cun uso medio ou alto.

Características diferenciadoras de ambas plataformas:

IEEE: paquete de revistas moi maioritariamente pertencentes ao ámbito das Ensinanzas Técnicas, son 274 títulos con cobertura completa.

JSTOR: paquete de revistas maioritariamente pertencentes aos ámbitos das Ciencias Sociais e Xurídicas e as Humanidades. 583 títulos con períodos temporais de embargo non consultables tanto nos primeiros como nos últimos anos da publicación. **Unha gran parte deles (186 títulos de 192 títulos sen uso) son títulos anteriores dos que non mandan estatísticas (que estarían incluídos como títulos sen uso).**




Avaliando conxuntamente os oito paquetes anteriores máis Cell, IEEE-Journal e JSTOR vemos que a porcentaxe de títulos cun uso medio ou alto mantense nuns niveis similares, ao redor do 58%.

3. Rangos de uso da Colección Inicial Impresa (C.I.I.)


Seguindo a mesma metodoloxía do punto anterior quixemos comprobar se os títulos que compoñían a colección previa á contratación consorciada ofrecen unha maior rendibilidade, tal como cabe esperar dun grupo de títulos que foron inicialmente subscritos por iniciativa ou a suxestión dos propios investigadores.

Editor	Univ	Num Tits C.I.I.	Total Descargas por Paquete	Sen uso C.I.I.	%	Nº Tits Uso Baixo (1-10)	%	Nº Tits Uso Medio (11-50)	%	Nº Tits Uso Alto (51 ->)	%
Acs*	BUGalicia	24	68.609	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	24	100,00%
Blackwell	BUGalicia	214	19.353	2	0,93%	32	14,95%	97	45,33%	83	38,79%
Cambridge	BUGalicia	74	3.079	0	0,00%	22	29,73%	38	51,35%	14	18,92%
Oxford	BUGalicia	75	8.968	0	0,00%	15	20,00%	31	41,33%	29	38,67%
ScienceDirect	BUGalicia	515	203.302	0	0,00%	27	5,24%	93	18,06%	395	76,70%
Springer											
Kluwer	BUGalicia	268	23.222	3	1,12%	66	24,63%	89	33,21%	110	41,04%
Taylor	BUGalicia	185	4.026	22	11,83%	86	46,24%	54	29,03%	24	12,90%
Wiley	BUGalicia	108	32.626	0	0,00%	11	10,19%	31	28,70%	66	61,11%


* Ver nota da táboa do apartado anterior "Rangos de uso da Colección Consorciada 2007" para BUGalicia.




En Acs non hai diferenzas de uso considerables con respecto á C.C. 2007. A razón está tanto na calidade dos propios títulos como no seu reducido número (e porque xa figuraban na C.I.I. a maior parte deles).




En Blackwell incrementábase a porcentaxe de uso medio e alto e diminúen considerablemente os títulos de baixo uso con respecto á C.C. 2007.




En Cambridge, ao igual que en Blackwell, incrementábase a porcentaxe de uso medio e alto destacando sobre todo o número de títulos de uso medio cun 51,35% da C.I.I.




En Oxford aumentan lixeiramente o número de títulos de medio e alto uso.




En ScienceDirect o incremento dos títulos de uso alto fronte aos de medio e baixo experimenta un crecemento substancial con respecto á C.C. É a colección de maior rendemento absoluto.




En Springer-Kluwer diminúen fortemente os títulos de nulo uso e aumentan os de uso alto con respecto á C.C.



En Taylor con respecto a C.C. aumentan considerablemente o número de títulos de uso alto e diminúe o número de títulos sen uso.



En Wiley incrementábase de forma destacada a porcentaxe de títulos de uso alto, diminuíndo tamén moi claramente os de uso nulo e baixo.



Do total de 1.464 títulos que compoñen a C.I.I. a porcentaxe de títulos de uso alto acércase ao 51% dos títulos da colección fronte a unha porcentaxe dun 19% de títulos de baixo ou nulo uso. Globalmente a porcentaxe de títulos cun uso elevado incrementábase en 21 puntos con respecto á C.C. e diminúen os títulos de uso baixo ou nulo nunha porcentaxe moi semellante. Aumenta a porcentaxe de títulos da C.I.I. (27) que non tiveron ningún uso fronte a 14 que tampouco tiveron ningún uso no ano 2006.

4. Títulos con estadísticas de uso non incluídos na colección subscrita (C.C.) por Bugalicia 2007

Pareceunos interesante incluír neste estudo aqueles títulos non subscritos, usados polos investigadores do SUG a partir dun nivel medio de descargas, como información de interese para as bibliotecas universitarias.

Os ficheiros Counter destes editores aportan datos de máis títulos dos contratados por BUGalicia debido a que inclúen:

- Títulos anteriores de títulos en curso (cambios de título).
- Anos retrospectivos non contratados.
- Títulos contratados por departamentos, proxectos ou investigadores individuais.
- Títulos gratuítos ou complementarios.

A relación de títulos cun uso medio ou alto está dispoñible no Anexo II.

Editor	Univ	Num Tits Non Contratados BUGalicia	Usados	Sen uso	Total Descargas
Acs *	BUGalicia	1	1	0	12.800
Blackwell	BUGalicia	263	76	187	547
Cambridge	BUGalicia	70	27	43	833
Oxford **	BUGalicia	13	13	0	1.287
ScienceDirect ***	BUGalicia	194	119	75	1.999
Springer Kluwer ****	BUGalicia	715	143	572	712
Taylor ****	BUGalicia	508	18	490	40
Wiley ****	BUGalicia	404	64	340	1.017
		2.168	461	1.707	19.235


* Trátase de 'ACS Journal Archives' o cal é un compendio dos títulos anteriores, tense en conta para as estatísticas pero non no estudo porque non sabemos a que títulos pertencen esas consultas

** No caso de Oxford hai títulos gratuítos con bastante uso.


*** No caso de ScienceDirect, o título con máis accesos (1.041) é "International Journal of Radiation Oncology*Biología*Physics" utilizado pola USC


**** No Counter de Springer-Kluwer, Taylor e Wiley inclúense moitos títulos anteriores (cambios de títulos e backfiles) os cales van aparecer a 0 por iso hai tantas revistas sen uso.

5. Comparativas de descargas de texto completo



Hai que ter en conta a hora de valorar esta gráfica, que é o primeiro ano de contratación de Cambridge, Cell, Oxford e Taylor.






Observacións:

→ Os paquetes de ACS e Blackwell foron contratados por primeira vez no ano 2005.

→ A ter en conta que en IEEE aparecen sumados os accesos ás revistas, os estándares e as actas de congresos, xa que ata 2006 non se atopaban datos disgregados por tipo de material, polo cal tanto en 2006 como en 2007 ofrécese a suma para poder comparar cos dous anos anteriores.

→ Os datos de Springer eran en 2004 dous paquetes diferenciados, Springer e Kluwer, dos que ademais por un erro do editor tiñamos acceso a toda a colección de Kluwer de aí o descenso de uso en 2005. Hai que valorar tamén que dende 2004 ata 2006 tratábase dunha licenza papel+electrónico, tendo as universidades que manter papel do orixinario paquete Kluwer. Este ano 2007 a licenza de Springer pasa a ser só electrónico.

6. Custo por Descarga dos paquetes de revistas e- por usuario investigador do SUG



Conclusións:

- **ACS** como en anos anteriores é a que mellor relación prezo-descarga mostra de tódolos paquetes consorciados.
- **JSTOR** tamén amosa unha moi boa proporción, pero hai que ter en conta que só se paga unha tarifa anual de acceso, non se trata dun acceso novo. As universidades galegas poden acceder mediante licenza consorciada as coleccións I, II e III.
- Os paquetes de Elsevier, **ScienceDirect** e **Cell**, a pesar de acumular a maior parte do número de descargas, non son os máis rendibles, debido ó seu alto custo.
- A ter en conta que para 2007 o paquete que resultou máis custoso en relación coas súas descargas foi o de **IEEE**, como se sinalaba en anteriores gráficos que se suman nas súas descargas tódolos tipos de materiais do paquete, revistas, estándares e actas de congreso. De tódolos xeitos ten un menor custo-descarga que para 2006, no que era de 4.61€, e había paquetes que chegaban a ter un custo por descarga superior ós 18€.

1.3. Estudo do uso individualizado de cada universidade


1. Budc



Estudo do 100% da Colección Consorciada 2007 e da Colección Inicial Impresa (C.I.I.)

Editor	Univ	Num Tits C.C. 2007	Usados	%	Sen uso	%	Num Tits C.I.I.	Usados C.I.I.	%	Sen uso C.I.I.	%	% usados 2007 na C.I.I.	% usados 2007 non na C.I.I.
Acs *	Budc	37	36	97,30%	1	2,70%	11	11	100,00%	0	0,00%	30,56%	69,44%
Blackwell	Budc	778	606	77,89%	172	22,11%	109	96	88,07%	13	11,93%	15,84%	84,16%
Cambridge	Budc	209	144	68,90%	65	31,10%	33	29	87,88%	4	12,12%	20,14%	79,86%
Oxford	Budc	180	153	85,00%	27	15,00%	38	38	100,00%	0	0,00%	24,84%	75,16%
ScienceDirect	Budc	1.752	1.401	79,97%	351	20,03%	183	177	96,72%	6	3,28%	12,63%	87,37%
Springer Kluwer**	Budc	1.320	860	65,15%	460	34,85%	72	64	88,89%	8	11,11%	7,44%	92,56%
13	✓	Revisión carga de SFX	15 días?	mar 20/03/07	lun 09/04/07			USCA/UVIGO/UdC
14		Personalizaciones de SFX	159 días	lun 22/01/07	jue 30/08/07	9		BUG/USCA/UVIGO/UdC
15		Imagen corporativa	159 días	lun 22/01/07	jue 30/08/07			
16	✓	Personalización de la cabecera con la imagen corporativa	2 días	lun 22/01/07	mié 24/01/07		Experto HTML	Bugalicia
17		Personalización de la cabecera con la imagen corporativa	158 días	lun 22/01/07	jue 30/08/07		Experto HTML	USCA/UVIGO/UdC
18	✓	Personalización del botón GO	2 días	lun 22/01/07	mié 24/01/07		Experto HTML	Bugalicia
19		Personalización del botón GO	158 días	lun 22/01/07	jue 30/08/07		Experto HTML	USCA/UVIGO/UdC
20	✓	Añadir texto + enlaces externos en el Citation Linker	8 días	lun 29/01/07	mar 13/02/07		Experto HTML	Bugalicia
21		Añadir texto + enlaces externos en el Citation Linker	150 días	lun 29/01/07	jue 30/08/07		Experto HTML	USCA/UVIGO/UdC
22	✓	Añadir texto + enlaces externos en la lista az	8 días	lun 29/01/07	mar 13/02/07		Experto HTML	Bugalicia
23		Añadir texto + enlaces externos en la lista az	150 días	lun 29/01/07	jue 30/08/07		Experto HTML	USCA/UVIGO/UdC
24		Funcionalidades de SFX	159 días	lun 22/01/07	jue 30/08/07			
25	✓	Cambiar el mail de contacto	1 día	lun 22/01/07	mar 23/01/07		Informático	Bugalicia
26		Cambiar el mail de contacto	1 día	mié 29/08/07	jue 30/08/07		Informático	USCA/UVIGO/UdC
27	✓	Personalización de los formularios de búsqueda (no recomendado)	15 días	lun 22/01/07	mié 21/02/07		Informático	Bugalicia
28		Personalización de los formularios de búsqueda (no recomendado)	15 días	mar 31/07/07	jue 30/08/07		Informático	USCA/UVIGO/UdC
29		Menú SFX	144 días	lun 12/02/07	jue 30/08/07			
30	✓	Agrupación de recursos (básicos/avanzados)	10 días	lun 12/02/07	vie 02/03/07		Informático	Bugalicia
31		Agrupación de recursos (básicos/avanzados)	139 días	lun 12/02/07	jue 30/08/07		Informático	USCA/UVIGO/UdC
32	✓	Definición del orden de los grupos de servicios	10 días	lun 12/02/07	vie 02/03/07		Informático	Bugalicia
33		Definición del orden de los grupos de servicios	139 días	lun 12/02/07	jue 30/08/07		Informático	USCA/UVIGO/UdC
34		Definición del orden de los targets dentro de un mismo servicio	127 días	mié 07/03/07	jue 30/08/07		io+ Informático	BUG/USCA/UVIGO/UdC
35		Forzar que un target aparezca siempre en primer lugar	127 días	mié 07/03/07	jue 30/08/07		io+ Informático	BUG/USCA/UVIGO/UdC
36		Cambiar el texto explicativo de un servicio concreto	127 días	mié 07/03/07	jue 30/08/07		Bibliotecario	BUG/USCA/UVIGO/UdC
37		Modificar el target displayer	124 días	lun 12/03/07	jue 30/08/07		Bibliotecario	BUG/USCA/UVIGO/UdC
38		Personalizaciones SFX KB	103 días	mar 10/04/07	jue 30/08/07	12		BUG/USCA/UVIGO/UdC
39		Introducir recursos locales que no forman parte de la KB	103 días	mar 10/04/07	jue 30/08/07		Bibliotecario	
40		Configurar recursos de la KB propios de cada institución	103 días	mar 10/04/07	jue 30/08/07		Bibliotecario	

Implantación do metabuscador MetaLib

MetaLib é un programa que proporciona un portal personalizado e funciona como unha plataforma para unificar todas as coleccións da biblioteca. Tamén permite ós usuarios individuais crear accesos personalizados, regularmente actualizados e interactivos para a investigación e o descubrimento.

O metabuscador permite a organización, diseminación, recuperación e acceso a información académica nun ambiente heteroxéneo de catálogos bibliográficos e bases de datos electrónicas. Funciona como unha plataforma óptima para administrar un ambiente bibliotecario híbrido, incluíndo tanto a biblioteca electrónica cos seus recursos dixitais, como a biblioteca tradicional cos seus recursos impresos. Actúa como unha ponte entre bases de datos locais e remotas.

De outubro a decembro de 2007 comezase a traballar con algunhas tarefas relacionadas coa segunda parte do proxecto, a implantación do metabuscador MetaLib, a preparación do servidor e instalación do software, e a recollida de recursos que posibilitarán a busca federada trala súa configuración.

Soporte técnico ás bibliotecas

O Consorcio continuou apoiando tecnicamente a explotación do software de xestión bibliotecaria Millennium das bibliotecas universitarias galegas.

Proséguese có soporte técnico sobre o servidor que alberga o sistema da Universidade de Vigo.

Ademais, o persoal do Consorcio ten a tarefa de actualización do ficheiro de traducións ao galego de Millennium, común aos OPACs das tres universidades galegas.

Hardware e Software

Débase ter en conta que no ano 2006 se procedeu a renovar os servidores que albergan os servizos de intranet e internet do Consorcio, coa adquisición de tres servidores para a xestión de máquinas virtuais VMWare, unha unidade de almacenamento externa, un servidor de backups e un switch de rede, asemade dos sistemas operativos necesarios para esta renovación.

Durante o primeiro trimestre do ano 2007 se levou a cabo a configuración de todos estes equipos e a migración dos servizos así como a optimización dos mesmos.

Tamén durante este ano se levou a cabo a instalación e configuración do sistema xestor de bases de datos SQL Server 2005 Enterprise Edition para servir como almacén de datos para os posibles proxectos que leve a cabo o Consorcio en relación ós recursos electrónicos e a produción científica.

Web

A finais de este ano se decidiu encargar unha asesoría TIC co obxecto da realización dun estudo de accesibilidade e usabilidade do sitio web de Bugalicia, que cubrira os seguintes puntos:

- 1) Análise da web actual de Bugalicia.
- 2) Análise das novas necesidades de publicación do Consorcio:
 - a) Novos tipos de servizos os usuarios.
 - b) Novos contidos, estudos e liñas de traballo.
- 3) Definición de nova estruturación de contidos e posicionamento dos servizos buscando unha óptima usabilidade.
- 4) Avaliación dos xestores de contidos existentes no mercado que permitan materializar a nova estruturación coidando:
 - a) Conservación do deseño actual (logotipos e cores).

- b) Cumprimento dos requirimentos legais de accesibilidade.
- c) Posibilidade de plasmar a nova estruturación de contidos proposta na auditoría.
- d) Preferencia a se basear software libre e preferentemente localizado ó galego.
- e) Madurez do produto (tempo no mercado, frecuencia de actualizacións, implantación, foros existentes, etc).
- f) Facilitade de implantación e administración.

Este traballo se lle encargou á empresa Galinus dada a súa especialización no eido da usabilidade.

Desenvolvementos informáticos

En setembro levouse a cabo un concurso negociado sen publicidade para a realización dunha auditoría que serva como base para unha posterior consultaría de adaptación do xestor de bases de datos SQL Server 2005 Enterprise Edition.

A este concurso invitouse a varias empresas TIC galegas obtendo oferta de catro:

- Altia Consultores S.L.
- Queres Tecnoloxías S.L.
- Tecnocom Telecomunicaciones y Energía, S.A.
- Coremain S.A.

Ante as propostas presentadas e unha vez valoradas as condicións técnicas e económicas a dirección do Consorcio decidiu a adxudicar a auditoría á empresa Tecnocom.

5. Análises da produción científica galega

Con motivo do convenio de colaboración coa **Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego** realizáronse diferentes traballos coa finalidade de coñecer a produción científica desenvolvida en Galicia incidindo no Sistema Universitario Galego.

As actividades realizadas tiveron dúas liñas de actuación:

Rexistro dos currículos dos investigadores ou grupos de investigación do SUG.

Xullo 2007: Investigadores 2007

Investigadores 2007 - Xullo 2007	
C.V.	125
Publicacións	3191

Agosto 2007: Programa I3 – Grupos de investigación

Programa I3 - Agosto 2007	
Investigadores	54
Publicacións	824

Novembro 2007: Prórrogas de investigadores

Prórrogas Investigadores - Nov. 2007	
Investigadores	81
Publicacións	878

Esta actividade levounos a pensar que era necesario informatizar todos estes currículos entregados en formato impreso para axilizar e optimizar futuros traballos, simplificando posibles consultas. Por este motivo pensouse que sería bo contar **cunha base de datos (BBDD) que recollese tódolos grupos de investigación de cada universidade así coma toda a produción científica por investigador que se detallaba nos currículos das avaliacións.**

Como consecuencia, fíxose unha análise dos *rexistros de grupos de investigación de cada universidade*⁶ para analizar a variedade de campos que

⁶ UDC: <http://bdi.udc.es/pubsivi/PUB/RGI/CATALOGO/consulta.html>

USC: <http://imaisd.usc.es/gruposbuscadorestandar.asp?i=ql&s=-2-26-148>

UVIGO: <http://www3.uvigo.es/datri/>

tiñan as tres institucións e ver de que forma a BD podía recoller tódolos campos imprescindibles de cada rexistro.

Así, a través desta BD pódese almacenar dunha maneira uniforme toda a información sobre os grupos de investigación, por exemplo, os investigadores que os compoñen, as áreas de investigación que abarcan, ademais de recoller información sobre os traballos de investigación, tanto artigos coma libros, capítulos de libros, conferencias, congresos, patentes, etc.


Neste momento están xa introducidos tódolos grupos de investigación que aparecen nos rexistros das universidades, 793 en total (UDC:184, USC:353 e UVIGO: 256) e os artigos dos investigadores avaliados polas convocatorias da Consellería de Educación.

Informes sobre a produción científica galega recollida nas bases de datos nacionais e internacionais, todos eles dispoñibles a través da web de Bugalicia no apartado de Bibliometría. A continuación explicamos brevemente o contido de cada un deles:


Bibliometría

Ano 2007:


[UGR] Galicia (ISI-WOS, 2004): Patrones de Colaboración Científica (Grupo Scimago).



Rede de colaboración – Medicina



Rede de colaboración - Química



Rede de colaboración – Bioloxía Molecular, Celular e Xenética

[CBUG] Estudo da Evolución da Producción Científica Galega nas bases de datos de Thomson-ISI, a través do RI3 (1990-2004)


Publicado en setembro de 2007. Este estudo fai unha análise da produción científica galega recollida no RI3 (Ranking Iberoamericano de Instituciones de Investigación) elaborado polo Grupo Scimago da Universidade de Granada. Nel recóllese a produción científica galega dende 1990 ata 2004 das institucións que publicaron máis de 100 documentos durante estes anos. O estudo analiza cada área ANEP por separado, vendo as institucións que publican en cada área e a achega de Galicia e do SUG á produción científica española.

Áreas ANEP	Nº docs total España	Nº docs total Galicia	% Gall/Esp	Nº docs SUG	Nº docs USC	Nº docs UVI	Nº docs UDC	Posicionamento RI3			Total Instit. por ANEP
								USC	UVI	UDC	
PRODUCCIÓN TOTAL IIO RI3 (1990-2004)	452.216	21.517	4,76%	16.924	11.082	3.742	2.100	7	32	48	
1 Agricultura	25.649	1.585	6,18%	1.563	988	385	190	3	15	36	194
2 Bioloxía Molecular, Celular e Xenética	78.298	3.044	3,89%	2.498	1.711	504	283	6	34	59	252
3 Bioloxía Vesetal e Animal, Ecoloxía	33.184	2.084	6,28%	1.922	1.156	522	244	6	18	27	208
4 Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	19.199	1.109	5,78%	1.069	621	336	112	4	16	38	211
5 Ciencia e Tecnoloxía dos Materiais	22.129	814	3,68%	814	463	205	146	11	22	34	111
6 Ciencias da Computación e Tecnoloxía Informática	12.854	777	6,04%	755	305	211	239	12	22	16	147
7 Ciencias da Terra	22.644	1.241	5,48%	1.207	661	374	172	9	14	35	164
8 Ciencias Sociais	4.860	177	3,64%	173	98	56	19	15	27	40	141
9 Dereito	174	14	8,05%	14	7	6	1	9	11	41	44
10 Economía	3.291	114	3,46%	112	33	64	15	25	14	38	72
11 Filoloxía e Filosofía	6.719	441	6,56%	439	352	23	64	5	41	27	93
12 Física e Ciencias do Espazo	65.503	2.459	3,75%	2.436	1.772	487	177	12	30	48	194
13 Fisioloxía e Farmacoloxía	28.567	1.189	4,16%	1.031	810	127	94	7	48	63	239
14 Gandería e Pesca	15.061	1.100	7,30%	1.022	678	244	100	4	16	32	198
15 Historia e Arte	3.207	77	2,40%	76	57	6	13	16	50	37	79
16 Enxeñaría Civil e Arquitectura	5.506	313	5,68%	307	163	79	65	9	22	23	139
17 Enxeñaría Eléctrica, Electrónica e Automática	8.630	592	6,86%	587	227	285	75	13	7	27	108
18 Enxeñaría Mecánica, Naval e Aeronáutica	2.949	129	4,37%	128	52	41	35	13	19	25	88
19 Matemáticas	17.186	1.036	6,03%	1.032	607	294	131	11	22	33	103
20 Medicina	171.572	7.256	4,23%	3.167	2.391	508	268	18	76	116	247
21 Psicoloxía e Ciencias da Educación	6.758	453	6,70%	443	303	52	88	7	24	20	168
22 Química	71.154	5.027	7,06%	4.991	3.122	1.139	730	5	18	27	218
23 Tecnoloxía Electrónica e das Comunicacións	8.102	509	6,28%	575	217	288	70	12	7	29	101
24 Tecnoloxía Química	8.683	679	7,82%	679	314	285	80	7	8	27	89
TOTAIS (docs duplicados por área)	641.879	32.219									



RANKING XERAL DAS INSTITUCIÓNS GALEGAS
 261 institucións españolas: 452.216 documentos
 13 institucións galegas: 21.581 documentos
 * Posicionamento no RI3
 USC: posto 7
 UVI: posto 32
 UDC: posto 48
 CHUS: posto 57
 CHCAN: posto 76
 CHCIES: posto 121
 CHCAL: posto 139
 HMEI: posto 189
 CHPON: posto 200
 CHOUR: posto 205
 CTROCE: posto 220
 INSTENF: posto 225
 CHMAR: posto 243

[CBUG] Análise da Produción Científica de Galicia nas bases de datos do CSIC (2002-2006)

Publicado en setembro de 2007. Este estudo ten como obxectivo cuantificar a produción científica galega recollida nas bases de datos máis importantes a nivel nacional como son as do CSIC. Os datos que aquí se recollen van do 2002 ao 2006 e divídense en tres áreas. Faise especial fincapé nas revistas que recollen maior produción científica galega en xeral e en especial do Sistema Universitario Galego.



BBDD	Galicia	Docs. Col.	% Col.
ICYT	893	314	35,16%
ISOC	2.615	319	12,20%
IME	966	510	52,80%
TOTAL	4.474	1143	25,55%



[CBUG] Porcentaxe produción ISI-CSIC por investigador no SUG (2005)

Publicado setembro de 2007, sobre a porcentaxe de produción científica nas bases de datos de Thomson-ISI e do CSIC por investigador a tempo completo do ano 2005.

Producción científica ISI (Galicia)

Anos	ndocs
2003	2.219
2004	2.375
2005	2.453

Investigadores - Galicia (INE)

Anos	ninv.	Prod*Invest.
2003	4.835,6	0,46
2004	5.629,9	0,42
2005	5.851,3	0,42

Investigadores EJC - Educación Superior (INE)

Anos	ninv.	Prod*Invest.
2003	3.215,0	0,69
2004	4.009,3	0,59
2005	4.054,2	0,61

[CBUG] Consumo de Información do Sistema Universitario Galego (1990-2005). Atlas de la encia. Grupo Scimago.


Publicado en outubro de 2007. Informe sobre o consumo de información dos usuarios do Sistema Universitario Galego dende 1990 ata o 2005. Estudar o consumo informativo apórtanos datos sobre as estratexias informativas dos usuarios e como consecuencia axúdanos a dar resposta as súas demandas e necesidades. Ofrécense resultados do SUG en xeral e de forma independente por universidade.

PAQUETES DE REVISTAS MÁIS CITADOS (Top 20)	UDC	USC	UVI	TotalSUG
ScienceDirect Journals	11.734	68.068	20.482	100.284
American Chemical Society Web Editions	5.319	21.444	8.687	35.450
Springer	3.427	16.624	6.343	26.394
Blackwell-Synergy	2.085	13.416	4.549	20.050
Wiley InterScience Journals	3.431	11.262	3.957	18.650
American Physical Society	417	7.450	650	8.517
Lippincott Williams & Wilkins	468	5.794	1.036	7.298
Taylor & Francis Journals	590	4.255	1.992	6.837
Nature Journals Online	715	4.577	1.306	6.598
American Institute of Physics	338	4.476	1.595	6.409
Royal Society of Chemistry	1.241	3.969	1.186	6.396
Oxford Journals Online	930	3.492	1.082	5.504
American Society for Microbiology Journals	354	4.302	746	5.402
Endocrine Society	176	3.981	358	4.515
IEEE Electronic Library Online	634	1.564	1.614	3.812
Cambridge Journals Online	592	2.238	830	3.660
American Association for the Advancement of Science	344	1.843	736	2.923
The Chicago University Press	306	1.840	744	2.890
National Academy of Science - USA	318	1.884	358	2.560
American Society for Biochemistry and Molecular Biology	194	2.034	293	2.521

[CBUG] Universidades e Centro de Investigación de Galicia no RI3 (1990-2005)

Publicado en outubro de 2007. Estudo da produción científica das universidades e centros de investigación galegos que aparecen no RI3 (Ranking Iberoamericano de Institucións de Investigación) en función dos indicadores bibliométricos que ofrece esta plataforma accesible a través da web de Universia [<http://investigacion.universia.net/isi/isi.html>]. Complementábase a información do RI3 de 1990 ao 2005 cónsumo de información por universidade.


POSICIÓN RI3 Produc.Total	POSICIÓN RI3 Produc.Citable (Só artigos)	INSTITUCIÓN GALEGAS
7	7	Universidade de Santiago
28	25	Universidade de Vigo
48	42	Universidade da Coruña
55	65	Complexo Hospitalario de Santiago
74	77	Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo (A Coruña)
122	134	Complexo Hospitalario Xeral Cíes (Vigo)
136	156	Complexo Hospitalario Xeral Calde (Lugo)
184	206	Hospital do Meixoeiro (Vigo)
193	246	Complexo Hospitalario de Pontevedra
200	255	Complexo Hospitalario de Ourense
227	194	Centro Oceanográfico de A Coruña
241	266	Instituto para las Enfermedades del Sistema Nervioso Central (A Coruña)



[CBUG] Produción Científica do SUG nas bases de datos do ISI (1990-2005) .

Publicado en outubro de 2007.

institucion	ISI						SCOPUS					
	2002	(%)	2003	(%)	2004	(%)	2005	(%)	2006	(%)	2007	(%)
UDC	261	14,84%	279	14,32%	268	13,99%	274	13,94%	331	15,00%	364	16,32%
USC	1.010	57,42%	1.110	56,98%	1.048	54,73%	1.070	54,43%	1.196	54,22%	1.196	53,61%
UVI	488	27,74%	559	28,70%	599	31,28%	622	31,64%	679	30,78%	671	30,08%
Total	1.759	100%	1.948	100%	1.915	100%	1.966	100%	2.206	100%	2.231	100%



[CBUG] Artigo: A produción científica galega no RI3, Ranking Iberoamericano de Instituciones de Investigación (1990-2004)

Artigo publicado na Revista Díxitos, cunha versión máis abreviada, en novembro de 2007. Neste artigo dáse a coñecer os datos principais extraídos do Estudo da Evolución da Produción Científica Galega nas bases de datos de Thomson-ISI, a través do RI3 (1990-2004).



A PRODUCCIÓN CIENTÍFICA GALEGA NO RI³, RANKING IBERO-AMERICANO DE INSTITUCIÓN DE INVESTIGACIÓN (1990-2004)



[CBUG] A produción científica dos hospitais galegos no RI3 (1990-2005)

Publicado en novembro de 2007. Estudo sobre a produción científica dos centros hospitalarios galegos presentes no RI3 (Ranking Iberoamericano de Instituciones de Investigación) no período de 1990 ao 2005. Apórtanse datos sobre a produción total, a produción por áreas ANEP, a porcentaxe de colaboración e o consumo de información de cada centro.

POSICIÓN RI3	INSTITUCIÓNS GALEGAS	nº docs.
55	Complexo Hospitalario de Santiago	2096
74	Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo (A Coruña)	1293
122	Complexo Hospitalario Xeral Cíes (Vigo)	497
136	Complexo Hospitalario Xeral Calde (Lugo)	412
184	Hospital do Meixoeiro (Vigo)	232
193	Complexo Hospitalario de Pontevedra	201
200	Complexo Hospitalario de Ourense	192
241	Instituto para las Enfermedades del Sistema Nervioso Central (A Coruña)	138
249	Complexo Hospitalario A. Marcide-Novoa Santos (Ferrol)	124
272	Policlínico de Vigo (Povisa)	105
	TOTAL DOCS.	5.152

Resume dos resultados obtidos do Complexo Hospitalario Universitarios de Santiago (CHUS)


- Suma un total de 2.096 documentos presentes nas bases de datos de Thomson. É o complexo hospitalario mellor situado de Galicia e un dos mellores posicionados a nivel estatal por número de publicacións. Publica, o igual que o H. Juan Canalejo o mesmo número de artigos, que neste caso só supón o 58% do total de publicacións.
- Está presente en 19 das 24 áreas ANEP.
- Medicina é a área sobre a que máis publica (1.909 docs), xunto con Bioloxía Molecular, Celular e Xenética con 258 documentos.



Guía e Faq's do Atlas de la Ciencia (Grupo Scimago).

Guía de uso e preguntas frecuentes da plataforma de acceso á información bibliométrica que ofrece o *Atlas de la Ciencia de España*, proxecto elaborado polo Grupo Scimago da Universidade de Granada.


Acceso aos documentos na web de Bua Galicia: <http://www.bua Galicia.org/index.asp?idMenu=43>



Guía e Faq's do Subdominio de Galicia (Grupo Scimago).

Guía de uso e preguntas frecuentes da plataforma de acceso á información bibliométrica que ofrece o *Atlas do Subdominio de Galicia*, proxecto elaborado polo Grupo Scimago da Universidade de Granada. A través desta plataforma é posible obter indicadores de especial interese sobre o desenvolvemento da ciencia en Galicia.

Acceso aos documentos na web de Bugalicia: <http://www.bugalicia.org/index.asp?idMenu=43>



INFORME 2007 SOBRE A BASE DE DATOS PARA A AVALIACIÓN DA PRODUCCIÓN CIENTÍFICA DO SUG

1. OBXECTIVO


O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia está a elaborar unha base de datos para o almacenamento dos grupos de investigación do SUG. Ten como obxecto a creación dunha **ferramenta de avaliación da produción científica** tanto de forma colectiva (grupos) como a nivel individual (investigador). Deste xeito Bugalicia pretende dar apoio aos xestores de políticas de investigación de Galicia, ofrecéndolles esta información a través dunha interface de consulta.

En setembro de 2007 estudáronse as distintas estruturas de datos existentes para que a base de datos puidese abarcar os distintos tipos de información que se ían almacenar. Este traballo foi levado a cabo por 1 enxeñeira informática e dúas documentalistas. Posteriormente, dende setembro ata decembro de 2007, realizáronse as primeiras cargas da produción científica, traballo que supuxo a dedicación exclusiva de catro persoas: 1 enxeñeira informática e 3 documentalistas.

Para obter indicadores veraces, relevantes e significativos é importante que o *pool* de información se poida complementar con datos cuantitativos e cualitativos dos que tanto a Xunta como as Universidades dispoñan para xestionar as políticas de investigación.

A continuación preséntase un diagrama do proxecto:

DIAGRAMA DO PROXECTO



2. ESTADO DO PROXECTO (2007)

A base de datos contén a 31 de decembro de 2007 tódolos grupos de investigación, cunha estrutura única, información obtida manualmente das webs das tres universidades e que sabemos debe ser actualizada periodicamente, en total contamos con 793 grupos de investigación (UDC: 184; USC: 353; UVIGO: 256)

- UDC: <http://bdi.udc.es/pubsivi/PUB/RGI/CATALOGO/consulta.html>
- USC: <http://imaisd.usc.es/gruposbuscadorestandar.asp?i=gl&s=-2-26-148>
- UVIGO: <http://www3.uvigo.es/datri/>
http://vicou.uvigo.es/webs/investigacion/realizar_búsqueda.php ;

Os campos dos grupos de investigación que se incluíron foron os seguintes:

- Nome do grupo
- Código do grupo
- Contacto
- Liñas de investigación
- Palabra chave
- Investigadores
- Centro ao que está adscrito
- Departamento
- Nome curto do grupo
- Web
- Investigadores externos
- Áreas ANEP
- Áreas Científico-Tecnolóxicas: clasificación das áreas de coñecemento, dispoñibles por exemplo na páxina da UDC.
- Áreas CNAE, Clasificación Nacional de Actividades Económicas
- Áreas UNESCO, nomenclatura internacional da Unesco para os campos de Ciencia e Tecnoloxía.

Por outra banda, ampliouse a información dispoñible en ditos rexistros con:


- Datos sobre a produción científica de dito grupo, tanto artigos coma libros, capítulos de libros, patentes, etc.
- Datos sobre o sexo dos investigadores, o que permitirá realizar estudos máis específicos.

Pasada a fase do deseño da base de datos e a incorporación de tódolos grupos de investigación engadiuse a produción científica dos investigadores que foron avaliados. Visto a enorme cantidade de datos existentes decidiuse introducir os artigos, na primeira fase, para ter unha tipoloxía documental completamente introducida e así poder obter datos sobre estes, para logo continuar introducindo os libros, teses, capítulos, etc.

A 31 de decembro do pasado ano a base de datos contiña cerca de 6500 artigos pertencentes a 110 grupos de investigación, o que fai que polo momento non poidamos ofrecer datos representativos da produción científica galega dos grupos de investigación. Isto será posible cando teñamos unha alta porcentaxe de produción dos investigadores almacenada na base de datos, só así se poderán extraer indicadores que representen unha aproximación da produción científica desenvolvida no SUG.

O resultado final da base de datos será unha **interface de consulta** onde se poderá buscar/interrogar por distintos campos e así coñecer tanto a produción científica dun investigador, información sobre a produción dun grupo ou datos máis precisos como o FI das publicacións dun investigador concreto ou o seu Índice h, as áreas temáticas as que pertencen ou nas que máis publicacións se recollen, etc.

Finalmente engadimos o esquema da estrutura desta base de datos (só está representada a táboa de artigos e os campos principais de cada táboa).



Para que esta base de datos sexa un instrumento útil é necesario recompilar toda a produción científica dos investigadores do SUG, para así poder calcular o índice h, obter un FI medio do grupo de investigación ao que pertencen, ou das distintas áreas temáticas nas que traballan. Por este motivo requirimos a colaboración tanto da Xunta coma das Universidades como subministradores de datos imprescindible neste proxecto.

A base de datos está suxeita a calquera modificación para intentar melloralas e que sexa así un instrumento de traballo útil tanto para a xestión de investigación da Dirección Xeral de I+D+i, da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG como para os Vicerreitorados de Investigación das Universidades.

Esta ferramenta de avaliación é unha solución intermedia ata a posta en marcha da **Base de Datos da Producción Científica de Galicia**, proxecto sacado a concurso negociado sen publicidade en setembro do 2007 para a realización dunha auditoría que sirva como base para unha posterior consultaría de adaptación do xestor de bases de datos SQL Server 2005 Enterprise Edition. Ante as propostas presentadas e unha vez valoradas as condicións técnicas e económicas a dirección do Consorcio decidiu a adxudicar a auditoría á empresa **Tecnocom**.

6. Formación

Formación profesional propia do persoal de BUGalicia:

- Asistencia ao Curso sobre a **Biblioteca Híbrida** celebrado na Coruña e Vigo o 5 e 6 de febreiro de 2007
- Asistencia á reunión de **Consortios do Sur de Europa (SELL)** celebrada en Madrid o 16 e 17 de marzo
- Asistencia ás 10as **Xornadas de Documentación** organizadas por FESABID celebradas en Santiago do 9 ao 11 de maio de 2007
- Asistencia ás **4as Xornadas de Expania** (Asociación de Institucións que usan produtos da empresa Ex Libris) o 7 e 8 de xuño de 2007
- Asistencia á **V Asemblea de GEUIN**, Grupo de usuarios de Innopac, celebrada en Salamanca o 6 de xullo de 2007
- Curso de **sindicación de contidos** e **Curso SQL** para o persoal informático ambos ao longo de outubro de 2007
- Clases de **inglés** para o persoal bibliotecario dende outubro a decembro de 2007
- Curso presencial sobre **metadatos** celebrado o 14 de novembro de 2007

Servizos de apoio á formación continuada do persoal bibliotecario do Sistema Universitario de Galicia

- **Curso “La Biblioteca Híbrida”**, impartido por D. Lluís Anglada, director do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Cataluña e D. Miquel Térmens Graell, profesor da Facultat de Biblioteconomía i Documentació da Universitat de Barcelona os días 5 e 6 de febreiro simultaneamente na Coruña e Vigo.
- **Curso “Derechos de autor: implicaciones legales en el desarrollo de servicios bibliotecarios”**, impartido por Dña. Patricia Riera Barsallo, Directora de Servizos da Biblioteca da Universitat Oberta de Catalunya (UOC) os días 27 e 28 de setembro na sede de Bugalicia.
- **Curso SFX 2: Administración Avanzada**. Curso de 15 horas de duración celebrado os días 15 e 16 de febreiro de 2007

7. Persoal

Convocatoria de tres prazas de persoal laboral fixo para o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia

Por resolución da Dirección Técnica de 30 de maio de 2007, apróbanse as bases dos procesos selectivos para a cobertura de tres postos de persoal laboral fixo (grupos I e III) no marco do proceso de consolidación de emprego temporal do consorcio:

- Un/unha bibliotecario/a de grupo I.
- Un/unha encargado/a de administración de grupo III.
- Un/unha analista programador/a de grupo III.

Esta convocatoria publicouse no Diario Oficial de Galicia nº 125 de 29 de xuño de 2007 dando así comezo o proceso.

Subvención para a contratación de traballadores desempregados

Con data 14 de setembro de 2007 a Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo concedeu ó Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia unha subvención para a contratación dun traballador desempregado (licenciado en Documentación grupo I) ó abeiro da Orde do 31 de xaneiro de 2007. A tal efecto, solicitouse á Oficina de Emprego unha relación de licenciados en Documentación e a persoa seleccionada e finalmente contratada foi Dna. Nuria Rouco Aneiros, que comezou a traballar o 1 de novembro de 2007 e finalizará o 31 de outubro de 2008.

8. Informe económico

ORZAMENTOS

O orzamento de Bugalicia para o ano 2007, aprobado no Consello de Goberno de vinte de decembro de 2006 ascendeu a **2.398.088,08 €**. Este orzamento inicial foi incrementado na reunión do Consello de Goberno de data vinteún de decembro de 2007, quedando da seguinte maneira:

- Incorporación do **Remanente do ano 2006** de **460.760,37 €** que se distribúe da seguinte maneira:

Total remanente 2006	460.760,37 €
Capítulo I Gastos de persoal	22.596,66 €
Capítulo II Gastos correntes	282.404,51 €
Capítulo VII Investimentos reais	155.759,20 €

A distribución responde a diversos criterios:

1. No caso dos gastos de persoal: incorporación dun novo membro no cadro de persoal temporal polo convenio coa ACSUG
2. No caso dos gastos correntes: para completar a partida de gasto en recursos electrónicos
3. No caso dos investimentos reais: para financiar a compra dos arquivos intermedios de Elsevier e arrastrar saldo para financiar a base de datos de produción científica a desenvolver en 2008.

- **A Transferencias Correntes:**

- **6.000 €** achegados a maiores sobre a cantidade inicial de 24.000 € do Convenio entre o Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia e o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia para a posta en marcha do Observatorio de Producción Científica e Tecnolóxica de Galicia. Importe final do convenio: 30.000 €
- **630.737,40 €** do Convenio de Colaboración entre a Universidade da Coruña e o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia para a xestión conxunta de revistas científicas electrónicas

- **1.239.198,28 €** do Convenio de Colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia para a xestión conxunta de revistas científicas electrónicas.
- **473.934,46 €** do Convenio de Colaboración entre a Universidade de Vigo e o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia para a xestión conxunta de revistas científicas electrónicas.
- **10,49 €** achegados pola Universidade de Santiago na súa achega anual por mor do redondeo.

Deste xeito **os ingresos reais finalmente recibidos no ano 2007**, unha vez incorporadas estas modificacións, ascenderon a **5.208.729,08 €**

EXECUCIÓN

Ingresos:

- Os **ingresos finais** de BUGalicia proviñeron das seguintes achegas:
 - Achegas segundo renovación do Convenio de Creación do Consorcio Bugalicia

INSTITUCIÓN	ACHEGA TOTAL	%
DX. I+D+i	1.300.000,00 €	55,68 %
D.X. DE ORDENACIÓN E CALIDADE DO SUG	345.550,70 €	14,80 %
D.X. DE PROMOCIÓN CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA DO SUG	250.000,00 €	10,71 %
D.X. DE COMUNICACIÓN SOCIAL E AUDIOVISUAL	68.326,06 €	2,93 %
D.X. DE CREACIÓN E DIFUSIÓN CULTURAL	60.000,00 €	2,57 %
UDC	103.619,50 €	4,44%
USC	103.619,50 €	4,44%
UVIGO	103.619,50 €	4,44%
Total por Convenio	2.334.735,26 €	100%

- Achegas de convenios á marxe do Convenio de Creación de Bugalicia
 - Convenio entre o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e o Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia para o apoio no desenvolvemento do Observatorio de Producción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia cun importe de **30.000 €**.



- Convenio entre o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e a Universidade de Vigo para o mantemento do sistema de xestión bibliotecaria Innopac Millenium cun importe de **39.352,81 €**.
 - Convenios entre o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e cada unha das tres universidades galegas para a xestión conxunta de revistas científicas electrónicas:
 - UDC: **630.737,39 €**
 - USC: **1.239.198,28 €**
 - UVIGO: **473.934,46 €**
- Remanente de tesourería 2006: **460.760,37**

Gastos:

A cifra de gastos final foi de **4.886.141,67 €** quedando distribuída da seguinte maneira:

- Gastos correntes e de mantemento: a cifra de gastos correntes ó peche do exercicio foi de 4.753.462,51 € da que 4.369.114,40 € (89,4%) foron empregados na subscrición de recursos electrónicos.
- Investimento: a cifra de gastos de investimento ó peche do exercicio foi de 132.679,16 €, que se empregaron na adquisición de mobiliario, renovación de servidores e na compra de arquivos de revistas electrónicas de interese.

A porcentaxe da distribución do gasto exprésase nas seguintes gráficas



A liquidación final do orzamentado foi a que segue:

INGRESOS TOTAIS	5.208.729,08 €
GASTOS FINAIS	4.886.141,67 €
DIFERENZA POSITIVA	322.587,41 €

CONVENIOS 2007

Convenio de colaboración entre o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e o Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia para o apoio no desenvolvemento do Observatorio de Producción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia

Trátase da renovación do primeiro convenio asinado coa ACSUG con data 10 de xullo de 2006 para a posta en marcha do Observatorio de Producción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia, promovido pola Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG.

O obxecto deste segundo convenio é colaborar e servir de apoio no desenvolvemento do Observatorio de Producción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia, así como de recoller datos da situación e presentalos, e analizar os principais indicadores socioeconómicos e bibliométricos do Sistema Universitario de Galicia.

Convenios coas tres universidades galegas para a contratación conxunta de revistas científicas electrónicas.

Ao longo deste ano 2007 renováronse os tres convenios de colaboración entre o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e cada unha das tres Universidades galegas para a xestión da contratación conxunta de revistas científicas electrónicas.

O importe, que en virtude destes tres convenios, transferiron as Universidades ó Consorcio reflíctese no Expediente de Xeración de Crédito asinado en reunión de Consello de Goberno de data 21 de decembro de 2007

- *BUGalicia-UDC*: 630.737,39 €
- *BUGalicia-USC*: 1.239.198,28 €
- *BUGalicia-UVI*: 473.934,46 €

Desta maneira o investido en recursos electrónicos no 2007, xestionado a través do Consorcio, sofre unha elevación moi considerable, quedando como segue:

Gasto en recursos de Bugalicia		Gasto de Bugalicia + Convenios Universidades	
Bases de datos	986.036,40 €		
Revistas	1.023.146,16 €	Revistas	3.367.016,30 €
Recursos de compra e outros	77.383,07 €		
Total	2.086.565,63 €	Total Bug + Universid.	4.430.435,77 €

